

ISABEL II

O SEXENIO DEMOCRÁTICO 1868-1874

LIBERALISMO DEMOCRÁTICO: DEMÓCRATAS E REPUBLICANOS

- Os demócratas xorden en 1840 como unha excisión dos liberais progresistas
- Minoría radical, dividida entre monárquicos e republicanos
- Defendían: A soberanía popular
- A participación popular
- A rixida separación de poderes
- Dereitos e liberdades formando parte da Constitución da forma máis ampla posible
- Libre alternancia política (froito da vontade popular)
- Liberdade de cultos

A REVOLUCIÓN DE 1868, A GLORIOSA

CONTEXTO HISTÓRICO:

- Malestar social crecente, provocado polas malas colleitas e as dificultades económicas da industria e as finanzas
- Descontento da maioría da clase política polas actuacións da raíña
- Unión de todos os grupos políticos (Pactos de Ostende e Bruxelas) baixo o lema: Abaixo os Borbóns e España con honra
- ✓ Iniciouse en Cádiz, en setembro de 1868, cun **pronunciamento das tropas da Mariña**
- ✓ Derrota das tropas da raíña na batalla de Ponte Alcolea (Córdoba)
- ✓ Xorden Xuntas revolucionarias nas cidades, estimuladas por progresistas, demócratas e republicanos que reclaman:
 - Sufraxio universal
 - Liberdade de prensa, ensino e de asociación
- ✓ Reivindicacións sociais, como a abolición dos consumos e a supresión do sistema de quintas
- ✓ **Goberno provisional**, formado por unionistas e progresistas, apoiado polos demócratas e presidido por Serrano
 - Asumiu os principios defendidos polas Xuntas
 - Puxo en marcha numerosas reformas políticas (recoñecemento das liberdades democráticas) e económicas (creación da peseta)
 - **Convocou eleccións á Cortes Constituíntes***, elixidas por sufraxio universal masculino, dando a maioría aos monárquicos, dando lugar a unha monarquía democrática

CONSTITUCIÓN DE 1869:

Inspirada nos principios do **liberalismo democrático**:

- Soberanía nacional
- Monarquía
- Clara separación de poderes: o Rei non tiña capacidade de veto ás leis, tiña a potestade de suspender e disolver as Cortes unha soa vez po lexislatura
- Cortes bicamerais, elixidos por sufraxio universal masculino, directo para o Congreso e indirecto (compromisarios) para o Senado. Poder lexislativo, control do goberno e aprobación dos orzamentos
- Poder xudicial: xuíces por oposición. Xurados con participación popular
- Dereitos e liberdades de forma ampla (1ª vez dereito de reunión e asociación)
- Liberdade de cultos, eliminando a confesionalidade do Estado

BUSQUEDA DUN REI

AMADEO I DE SABOIA (1871-1873)

Fillo do Rei de Italia Victor Manuel II, elixido cunha forte oposición (153 votos en contra, e 191 a favor). De formación esencialmente militar, non coñecía o español

Non o querían nin a aristocracia, nin a Igrexa, nin o pobo e foi rexeitado por carlistas, alfonsinos e republicanos. Tivo o apoio de Prim, que foi asasinado poucos días antes da súa chegada.

O trazo máis característico foi a **inestabilidade**.

Tivo que facer fronte a varios problemas:

- Dificultades de goberno pola ruptuyra da coalición formada por unionistas, progresistas e demócratas e as tensión entre os líderes
- Guerra de Cuba iniciada en 1868 e que durou 10 anos
- Terceira guerra carlista
- Oposición republicana

Amadeo I RENUNCIA Á COROA (2 de febreiro de 1873)

Congreso e Senado PROCLAMAN A REPÚBLICA

1ª REPÚBLICA